

ACTA Nº 04/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 25 de xaneiro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 02/10, do 11 de xaneiro de 2010, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- RECEPCIÓN DE URBANIZACIÓN

Visto o informe do arquitecto D. Gumersindo Ferro Pichel, do 21 de xaneiro de 2009, que di:

GUMERSINDO FERRO PICHEL, Arquitecto Colexiado nº 1323 do COAG Delegación de Pontevedra. Actuando como Asistencia técnica municipal o Concello de Moaña.

A Petición da Alcaldía realizase o seguinte :

Informe: Sobre recepción de urbanización da UG-5.

Antecedentes

Presentado planos de estado definitivo da obra, certificado final de obra do arquitecto director, e informes da compañía Aqualia subministradora de servizos, procedeuse a visita en data 21 de xaneiro de 2010.

CONSIDERACIÓNS

1.- A obra encóntrase rematada e preparada para ser recibida . A documentación presentada do estado definitivo xunto coa certificación final de obra acreditan o correcto remate das obras por parte do director das mesmas.

2.-Deberase proceder a retirada da caseta de vendas ou no seu defecto solicitar a ocupación da vía pública e pagar as taxas correspondentes, xa que despois da recepción a vía interior perderá o seu carácter de privada.

2.-Os avales depositados correspondentes a urbanización non poderán ser retirados ata o momento do remate do prazo de garantía das mesmas.

3.-As edificacións que contén con licenza de obra simultánea a de urbanización poderán presentar a documentación pertinente para obter a licenza de primeira ocupación no caso das vivendas, debendo en todo caso proceder os enganches nas novas instalacións da urbanización e deixar libres de obstáculos as vías públicas no menor tempo posible. No caso de novas edificacións deberán proceder a depósito de aval de urbanización proporcionado os custos desta e manterse despois do remate do prazo de garantía da mesma, ata a solicitude da licenza de primeira ocupación.

Por todo isto e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir as seguintes:

CONCLUSIÓNS

A obra de urbanización da UG-5 da que se solicita recepción está rematada para proceder a mesma, contando con informe **FAVORABLE**.

A obra deberá ser informada de novo unha vez rematado o período de garantía, momento ata o que non se procederá o aval bancario que garante as obras.

Visto o informe do secretario municipal de data 25 de xaneiro de 2010, que establece como preceptivo un único acto de recepción, a partir do que comezará a contar o prazo de garantía.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as consideracións recollidas no informe do arquitecto que asiste tecnicamente ao Concello, e dado que este é favorable, acorda que se proceda á recepción da obra de urbanización da UG-5. Unha vez que se realice o acto formal de recepción, comezará a contar o prazo de garantía.

3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

3.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por Marítimo Rodeira, S.L.. no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no lugar de Piñeiro (parcela 4) pertencente á licenza de obra Expte. nº 84/09 [concedida pola XGL en sesión de data 11.05.2009, tras a caducidade do exp. 127/98].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 25 de xaneiro de 2010 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción, xustificantes do pago das taxas polos conceptos de conexión aos sumidoiros.
- certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, o día 20 de novembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 30 de novembro de 2009; asinado polo arquitecto D. Manuel Lorenzo Lista o día 20 de novembro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 4 de decembro de 2009.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens, modelo 902-N.

INFORMO:

Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, que as obras de urbanización da cesión se atopan totalmente rematadas e que posúe toda a documentación esixida. Informo **favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 84/2009, á súa promotora Marítimo Rodeira, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

3.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. Jesús Riobó Rouco, en representación de Rouco y Solla, S.L., no que SOLICITA licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar situada no barrio de Verdeal-Domaio, pertencente á licenza de obra Expte. nº 117/05 [concedida pola XGL en sesión de data 26.07.2005].

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e visto o informe do técnico municipal de data 25 de xaneiro de 2010 que di:

INFORME DE SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción.
- certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Francisco Mallo Lagoa e D. Santiago Gil Fernández, o día 20 de xaneiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 23 de xaneiro de 2009 asinado polo arquitecto D. José Luis Domínguez González o día 20 de xaneiro de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 02 de febreiro de 2009.
- Fotografía e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.
- Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmoables de natureza urbana. Modelo 902-N.

INFORMO:

Tras visitar a obra e comprobar que esta se executou conforme ao proxecto para o que se lle outorgou a licenza de obra, que as obras de urbanización da cesión se atopan totalmente rematadas e que posúe toda a documentación esixida. Informo **favorablemente** a concesión de licenza de primeira ocupación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 130,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar dimanante da licenza en Expte. nº 117/2005, á súa promotora Rouco y Solla, SL nos termos sinalados no informe do técnico municipal

4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

O xefe territorial da Consellería de Cultura e Turismo, por oficio con data de entrada neste Concello o día 18 de novembro 2009 e en relación á situación do Pazo de Real tralo incendio que sufriu, fai un requirimento para a adopción de medidas cautelares oportunas para evitar posibles danos ás persoas, e que garantan o mantemento das características e elementos singulares do edificio (s/ref.: 604/09).

Os donos do inmoible son requiridos polo Concello para que presenten un proxecto técnico visado relativo ás medidas de conservación e de seguridade do inmoible, o que cumprimentan o día 7 de xaneiro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 21 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

EXPEDIENTE DO PAZO DO REAL

Atendendo á solicitude efectuada pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo Nª de rexistro 166095 de 18 de novembro de 2009 (JBP/psd Expt. 604/09), remitimos a proposta redactada polo arquitecto Manuel Requeijo Conde que se manifestan no “Proxecto básico e de execución sobre as medidas de conservación e seguridade do Pazo do Real” na espera que a presente solución satisfaga o requerimento efectuado para o cal este Concello de Moaña se pronuncia favorablemente como medida cautelar da ulterior recuperación integral que se decida para o inmovible.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar o informe do aparellador municipal e remitir o proxecto á xefatura territorial de Pontedra da Consellería de Cultura e Turismo.

5.- CORRECCIÓN DE ERRO EN ACORDO SOBRE GRATIFICACIÓN A FUNCIONARIOS MUNICIPAIS

Visto o informe da Intervención municipal do día 25 de xaneiro de 2010 sobre a aprobación de gratificación extraordinaria do traballador Eugenio Gestido Malvido, que indica que na Xunta de Goberno Local do 9 de decembro de 2009 se aprobaron a favor deste traballador varias horas extraordinarias pero que no cadro que as recollía había un erro de cálculo, por canto se aprobaron catro horas extraordinarias e o importe reflectía o correspondente a unha, non catro. Proponse aprobar a diferenza das tres horas realizadas que non recollía a táboa polas horas extraordinarias realizadas pola realización do campionato galego de ciclismo, por un importe de 59,97 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se corrixa o erro detectado e, así, aprobar a favor de Eugenio Gestido Malvido a gratificación extraordinaria pola realización de 3 horas extras na celebración do campionato galego de ciclismo, por un importe de 59,97 euros.

6.- RECTIFICACIÓN DE ACORDO SOBRE DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.

Por acordo da Xunta de Goberno Local realizada o 14 de decembro de 2009 acordouse, visto o informe favorable da tesoureira, a devolución de ingresos indebidos solicitada por Unión Fenosa Distribución S.A por un ingreso que fixo ao Concello por unha certificación que non lle correspondía a este.

Visto que na solicitude de devolución constaba que esta lles fose reintegrada na conta aberta a nome de Applus Norcontrol S.L.U, dirixido ao departamento de Tesourería,

Confirmado pola tesoureira municipal que o ingreso na conta do Concello foi realizado por Applus Norcontrol S.L.U.,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda rectificar o acordo tomado o día 14 de decembro de 2009 no sentido de aprobar a

devolución de ingresos indebidos por importe de 108,75 euros, facendo o seu reintegro na conta aberta a nome de Applus Norcontrol S.L.U. indicada na solicitude.

7.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TERRAZA

D.^a María del Carmen Pazos Pazos, por escrito con entrada no Concello o día 8 de xaneiro de 2010, expón que durante o ano 2009 instalou unha terraza no local sito en Concepción Arenal, 120 (La orensana) para o que depositou unha fianza por importe de 480 euros, e solicita a súa devolución na conta corrente que indica.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía Local do 20 de xaneiro de 2010, no que indica que a terraza non está colocada e que non se aprecian danos causados por ela na beirarrúa,

Visto o informe favorable á devolución da tesoureira do día 22 de xaneiro de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza depositada para responder polos posibles danos derivados da instalación dunha terraza en dominio público durante o período estival, na rúa Concepción Arenal nº 120, solicitada por D.^a María Carmen Pazos Pazos.

8.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DUN CONTRATO.

D. Gumersindo Ferro Pichel, arquitecto, por escrito con entrada no Concello de Moaña o día 29 de decembro de 2009, e como adxudicatario do contrato de consultoría e asistencia técnica en materia urbanística para o asesoramento dos servizos técnicos municipais realizado en data 26 de marzo de 2008, solicita a devolución de aval bancario en concepto de fianza -por importe de 864 euros-, para responder da execución de dito contrato dado que rematou o día 26 de marzo de 2009.

Visto o informe favorable á devolución da garantía emitido polo secretario municipal o día 21 de xaneiro de 2010,

Visto o informe favorable á devolución da garantía de 864 euros emitido pola tesoureira municipal o día 22 de xaneiro de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da garantía depositada para responder da execución do contrato de consultoría e asistencia técnica en materia urbanística, por importe de 864 euros, solicitada por D. Gumersindo Ferro Pichel.

9.- LIQUIDACIÓN DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 22 de xaneiro de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada polas empresas subministradoras Iberdrola, S.A, e France Telecom España, S.A. no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade,fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal,excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

*Iberdrola S.A (CIF A48010615)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
NOVEMBRO 2009	471,01	7,06

*France Telecom España, S.A. (CIF A82009812)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros) BASE*0,015
CARTO TRIMESTRE 2009	31.146,87	467,20

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola, S.A. e France Telecom España, S.A. por 7,06 euros e 467,20 euros respectivamente, polos períodos que se recollen no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

10.- AUTORIZACIÓN DE ENDOSO PLYGEPE, S.L. FACTURA Nº 90.172 DO 02/12/2009.

Dáse conta da solicitude de endoso da representante da empresa PLYGEPE, S.L da factura nº 90.172, de data 02/12/09, por un importe de 172.590,25 euros en concepto de traballos realizados na certificación que achega na obra *Mellora do Amoblamento Urbano e Iluminación da zona peonil-comercial da rúa Daniel Castelao (Moaña)*, aceptado polo apoderado da oficina de Vigo do BANCO GUIPUZCOANO, S.A., oficina 0276,

Visto que o recoñecemento da obriga desa factura foi mediante resolución da Alcaldía de data 3 de decembro de 2009, nº de documento O 2009-2145-0,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o endoso da factura nº 90.172, de data 02/12/09, por un importe de 172.590,25 € emitida por PLYGEPE, S.L. a favor de BANCO GUIPUZCOANO, S.A., no nº de conta 0042-0276-10-0000000000.

11.- VADOS

11.A) D. José Núñez Cordeiro, por escrito do 30 de decembro de 2009, solicita dar de baixa vado nº 56 sito nas Barxas, 15, e que lle comuniquen ao ORAL a baixa do padrón de vados.

Entrega a placa o día 5 de xaneiro de 2010,

Visto o visto e prace da concelleira delegada,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar baixa o vado nº 56 sito nas Barxas, 15 e darlle traslado ao ORAL.

11.B) D. José Vázquez Martínez, por escrito do 12 de xaneiro do presente ano e en representación da empresa Canexa, SA, expón que na Xunta de Goberno do 26 de decembro de 2005 se aprobou dar de baixa o vado 106 –achega copia do acordo- e solicita que non se lle faga pagar un vado que xa non ten dende o 10 de xaneiro de 2006 e que lle dean orde a ORAL para que suspendan a orde de pagamento.

Visto que o acordo sobre a baixa do padrón de vados solicitada foi tomado en decembro do ano 2005, trasladóuselle ao interesado, e que a súa placa correspondente -nº 106- fora entregada no Concello no mes de xaneiro de 2006,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude e, así, comunicarlle ao ORAL que dado que o vado cuxa placa foi a 106 está dado de baixa no padrón do ano 2006, non llo pasen ao cobro a quen fora seu titular.

12.- RECLAMACIÓN PATRIMONIAL

D. Tomás Baltar Pascual, avogado, en nome de D. Samuel Sánchez López e de D. Cesáreo González Rosales e de Mutua Madrileña, por escrito con entrada na Subdelegación do Goberno en Pontevedra, interpón reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración Pública en reclamación de cantidade polos danos e prexuízos ocasionados ao interesado en accidente de circulación ocorrido como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos. Expón que o día 24.01.09, D. Cesáreo González Rosales, propietario do vehículo Peugeot 206, conducía seu vehículo, ocupado tamén por D. Samuel Sánchez, e colisionou contra un contedor de lixo que non estaba anclado e que se estaba a mover como consecuencia do vento. Solicita que se lle recoñeza o dereito de indemnización de 1.208 euros polos danos materiais, 974,10 € por lesións a favor de D. Cesareo González, 2.721,75 euros a favor de D. Samuel Sánchez, e a Mutua Madrileña nos gastos médicos que se acrediten.

A reclamación achega a seguinte documentación: declaración de accidente do seguro datado o 17 de xaneiro de 2009; o informe do xefe da Policía Local sobre a colisión co colector o día 24.01.09 ás 00,15 h. no que indica que o conductor era D. Cesáreo M. González; orzamento de Talleres Veiga, S.L. de data 27.01.09; partes de asistencia de Povisa do 24.01.09 ás 16,21 h. e 16,24 h., respectivamente, dos señores González Rosales e Sánchez López; informes de alta de rehabilitación de datas 26.02.09 e 28.04.09.

Dado que a colisión se produciu contra un colector de lixo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda desestimar a reclamación por canto os contedores están adscritos ao servizo de recollida de lixo que xestiona a Macomunidade de Concellos do Morrazo, á que se lle remitirá a reclamación.

13.- PRÓRROGA CONTRATO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Visto que na Xunta de Goberno Local do 26 de outubro de 2009 aprobouse unha segunda prórroga polo prazo de tres meses do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, dende o 1 de novembro ata o 31 de xaneiro de 2009, dado o tempo estimado que requiriría a nova licitación deste servizo.

Visto o informe da traballadora social do 25 de xaneiro de 2010, que di:

Con data 30 de xaneiro de 2010, remata a prórroga do contrato coa empresa Na Casa, para a prestación do servizo de axuda no fogar. Durante os dous anos e medio de prestación deste servizo a nivel técnico non houbo ningún tipo de incidencia que fixera necesaria a rescisión do contrato con esta empresa.

O Concello, acaba de publicar o novo regulamento municipal do servizo de axuda no fogar, co fin de adaptarse a Orde do 22 de xaneiro de 2009 da xunta de Galicia, pola que se regula o servizo de

axuda no Fogar. Segundo o texto de dita orde, tanto as entidades prestatarias como as prestadoras do servizo, deberán adecuarse a dita normativa.

Tendo en conta a recente publicación da ordenanza municipal, e o tempo necesario para un novo proceso de contratación de unha nova empresa prestataria do servizo, se considera que o mais adecuado sería a prórroga do contrato coa empresa actual en tanto non este resolto ese proceso.

Visto que o anuncio de licitación do SAF se publicou no Boletín Oficial de Pontevedra o día 13 de xaneiro de 2010, e remata o prazo de presentación de proposicións o día 28 de xaneiro,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar unha prórroga polo prazo de tres meses, dende o 1 de febreiro de 2010, dado o tempo estimado que requirirá a conclusión da licitación deste servizo.

14.- PROPOSTAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN EJERCICIO 2010.

Á vista da documentación remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra en data 13 de xaneiro de 2010, nº de rexistro de entrada de 18 de xaneiro de 2010, pola que se insta dos Concellos a remisión das correspondentes propostas de obra a incluír no Plan Provincial de Cooperación para o exercizo 2010, propostas que haberán de recibirse na Deputación Provincial de Pontevedra antes do vindeiro 30 de xaneiro.

Á vista do RD 835/2003 de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado ás Entidades Locais modificado polo RD 1263/2005 de 21 de outubro e a Orde APU/293/2006 de 31 de xaneiro de desenvolvemento e aplicación do Real Decreto.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda remitir á Deputación Provincial de Pontevedra as seguintes propostas de obra a incluír no Plan Provincial de Cooperación para o exercizo 2010:

- Obras principais:

1) Parque público no barrio de A Guía (Meira-Moaña), que conta cun orzamento de execución por contrata de 48.102,32 euros.

2) Saneamento da praza pública e lavadeiro na Martinga (Moaña), que conta cun orzamento de execución por contrata de 39.356,44 euros.

Total das dúas propostas: 87.458,76 euros.

- Obra alternativa:

Pavimentación de beirarrúas na Xunqueira (Moaña), que conta cun orzamento de execución por contrata de 87.458,76 euros.

15.- MODIFICACIÓN DE PREGOS DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de novembro de 2009 aprobáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para contratar, baixo a modalidade de contrato de servizos, do servizo de axuda no fogar deste Concello, iniciado por providencia da Alcaldía de data 18 de novembro de 2009.

A clasificación esixida para os licitadores nos pregos foi a de Grupo U, subgrupo 7, categoría B. O día 14 de xaneiro de 2010, publicouse preceptivo anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia, abríndose prazo para a presentación de ofertas.

O día 18 de xaneiro de 2010, nº de rexistro de entrada 327 de 18 de xaneiro a empresa NA CASA presenta reclamación por entender improcedente a clasificación aprobada nos pregos e publicada no B.O.P. O día 19 de xaneiro, nº de rexistro de entrada 365 e 369 presentan reclamación as empresas IDADES S.L. e ATENDO CALIDADE S.L. baseándose nos mesmos motivos expostos, por entender improcedente a clasificación aprobada e polo tanto resultar discriminatorios contra o seus intereses.

Remitidas as citadas reclamacións á Secretaría do Concello, para a súa valoración, esta emite informe en data 21 de xaneiro de 2010.

Neste informe se conclúe que procede a revisión dos pregos no tocante á clasificación esixida nos mesmos, suprimindo a clasificación coma requisito acreditativo da solvencia dos licitadores e ante a imposibilidade de esixir esta, imposibilidade derivada da falta de concreción regulamentaria actual para a determinación da clasificación aplicable a este tipo de servizos.

Atendendo aos antecedentes sinalados e de conformidade co artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local e 105 da Lei 30/92 de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, a Xunta de Goberno, como órgano de contratación e por unanimidade dos seus asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Rectificar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares para contratar, baixo a modalidade de contrato de servizos, do servizo de axuda no fogar deste Concello, suprimindo o requisito da clasificación previsto na cláusula 5ª dos citados pregos.

SEGUNDO: Proceder á publicar no B.O.P e un novo de anuncio de licitación, ca exclusión do requisito da clasificación e abríndose un novo prazo de presentación de ofertas, unha vez publicado o anuncio.

TERCEIRO: Notificar a corrección no requisito da clasificación a tódolos licitadores que presentaron ofertas no primeiro prazo de presentación de ofertas, outorgándolles a posibilidade de manter as súas ofertas ou ben retiralas se o estimasen conveniente.

16.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE 2ª RELACIÓN DE ACTUACIÓNS A FINANCIAR A TRAVÉS DO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL

O Goberno do Estado, mediante Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro (B.O.E. de 27 de outubro de 2009) crea o “Fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local”. O

Ministerio de Política Territorial, por resolución de 2 de novembro de 2009, aproba o modelo para a presentación de solicitudes e a tramitación dos recursos librados con cargo ao Fondo.

De acordo cos criterios establecidos para o reparto do Fondo, corresponde ao Concello de Moaña a cantidade de 2.022.581,00 €, para o financiamento de obras, equipamentos e servizos. Con data 18 de xaneiro de 2010, a Xunta de Goberno Local aprobou unha primeira relación de obras a executar con cargo a este Fondo. Atendendo ás finalidades fixadas no Real Decreto-lei e á resolución citada propónse como 2ª relación de obras a executar a seguinte, co financiamento que se sinala:

1.- “Reforma do Campo de Fútbol de Domaio (Moaña)”	478.264,63 €
IVE 16%.....	76.522,34 €
P.E.C.....	554.786,97 €
2.-“Mellora de eficiencia enerxética do alumado público na parroquia de Domaio (Moaña)”.....	43.103,45 €
IVE 16%.....	6.896,55 €
P.E.C.....	50.000,00 €
3.- “Mellora de eficiencia enerxética do alumado público na parroquia de Meira (Moaña)”	43.103,45 €
IVE 16%.....	6.896,55 €
P.E.C.....	50.000,00 €
4.- “Mellora de eficiencia enerxética do alumado público na parroquia de Moaña (Moaña).....	43.103,45 €
IVE 16%.....	6.896,55 €
P.E.C.....	50.000,00 €
5.- “Mellora de eficiencia energética do alumado público na parroquia de Tirán (Moaña)”.....	43.103,45 €
IVE 16%.....	6.896,55 €
P.E.C.....	50.000,00 €
6.-“Implantación de sistema de xestión informática na Policía Local de Moaña	34.482,76 €
IVE 16%.....	5.517,24 €
P.E.C.	40.000,00 €
7.- “Implantación de sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase)	28.101,71 €
IVE 16%.....	4.496,27 €
P.E.C.....	32.597,98 €
8.- “Programa de mantemento e conservación de centros escolares	

no Concello de Moaña.....	241.178,10 €
9.- “Programa da Ludoteca Municipal de Moaña”.....	52.085,02 €
10.- “Programa da Escola Municipal de Música de Moaña”.....	56.736,84 €

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta e, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a 2ª relación de obras e o financiamento recollidos na proposta da Alcaldía. Así mesmo, a Xunta de Goberno acorda cumprimentar as citadas propostas coa documentación requirida na normativa anteriormente citada e remitilos ao Ministerio de Política Territorial.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:10 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.